

MILES DE PERSOAS CLAMARON ESTE DOMINGO EN SANTIAGO POR UN CAMBIO DE RUMBO DA SANIDADE PÚBLICA GALEGA

Redacción.- O pasado domingo miles de persoas, procedentes de toda Galicia, saíron ás rúas da cidade compostelana para esixir un cambio de rumbo da xestión da sanidade pública galega.

A resposta á manifestación, convocada por SOS Sanidade Pública, da que UGT forma parte, foi masiva e miles de persoas partiron da Alameda de Santiago para concentrarse, finalmente, na Praza de Obradoiro baixo o lema "Pola sanidade que queremos e merecemos".

A sanidade pública galega está nunha difícil situación e nesta manifestación, na lectura do manifesto, demandáronse 13 medidas urxentes.

Primeiro, urxe incrementar o orzamento sanitario, especialmente na atención primaria, ata o 25% do total que indica a OMS, sen que se compute neste incremento o gasto farma-



céutico nin o custe do sector privado racionalizado.

Tamén é necesario incrementar o persoal de medicina de familia, pediatría e enfermaría, así como a incorporación aos equipos de novas categorías, como psicoloxía, fisioterapia ou logopedia, entre outras.



Hai que abrir os centros de saúde que foron pechados e crear novos onde sexa necesario, cubrindo os servizos mínimos en todos e mellorando a súa dotación. O sistema de ambulancias debe ser reintegrado ao sistema público, co conseguente aumento da súa dotación, tanto en material como persoal.

Urxe implementar un plan urxente para

racionalizar as listas de espera nos hospitais, poñendo a funcionar a pleno rendemento os centros públicos; reabrindo as camas clausuradas; e recuperando os servizos pechados dos hospitais comarcais. Todo isto acompañado da modificación da Lei

de garantías de prestacións santiarias que favorece a derivación de doentes ao sistema privado.

Será necesario garantir que a atención médica e control da saúde das persoas dependentes se faga dende a sanidade pública en coordinación cos servizos sociais.

Hai que reintegrar ao sistema público os servizos privatizados, como información, historia clínica, receita electrónica, central de chamadas, investigación ou docencia. É necesario recuperar o Álvaro Cunqueiro de Vigo para o sistema público e ampliar o número de camas segundo o proxecto inicial para dar cobertura a toda a poboación de Povisa.

Haberá que elaborar de xeito consensuado un plan de saúde mental con dotación de persoal e recursos.

Hai que eliminar a inestabilidade e precariedade laboral no sistema público, contemplando a dedicación exclusiva só para o persoal médico que traballa na sanidade pública e esixencia da acreditación especializada no novo persoal contratado. Os concursos públicos deben ser transparentes e abertos para cubrir os cargos de xestión do sistema.

Outra medida debe pasar por restablecer as xerencias de atención primaria e dotalas de capacidade resolutive e orzamentos propios e restituír as áreas sanitarias suprimidas. O sistema debe reorientarse cara o modelo comunitario e participativo.

Finalmente, entre as 13 medidas, demándase desmedicalizar o sistema e acabar co uso abusivo e irracional dos fármacos e das novas tecnoloxías, poñendo o eixo do mesmo na atención primaria.

MOBILIZACIÓNS NO SECTOR FINANCEIRO ANTE A PARÁLISE NA NEGOCIACIÓN DOS CONVENIOS

Convocado un paro de dúas horas o día 26 de febreiro e, se non hai avances, folga de 24 horas o día 22 de marzo

Redacción.- Ante o inmovilismo das patronais do sector financeiro na negociación dos convenios de banca, aforro e cooperativas de crédito, UGT, xunto con CCOO e FINE, convocan un paro parcial de dúas horas para o día 26 de febreiro e, no caso de que non existan avances, unha folga de 24 horas para o día 22 de marzo.

Dende FeSMC insístese na necesidade dunha negociación máis áxil que achegue solucións inmediatas á perda de poder adquisitivo dos traballadores e traballadoras do sec-

tor. Contrariamente, e, a pesar de publicar beneficios récord todas as entidades, as patronais do sector apostan por propostas a anos luz destes beneficios, do incremento de retribucións do que si goza a alta dirección, dos dividendos dos accionistas e, sobre todo, do que merecen e reivindican os traballadores e traballadoras.



PRINCIPIO DE ACORDO PARA DESCONVOCAR A FOLGA DOS BOMBEIROS COMARCAIS

Redacción.- Representantes dos consorcios provinciais contraincendios e salvamento e das forzas sindicais dos bombeiros comarcais chegaron a un principio de acordo para desconvocar a folga dos últimos meses.

O texto, asinado pola Xunta, as

catro deputacións provinciais e os sindicatos, prevé melloras nas condicións laborais referidas tanto ao reforzo dos cadros de persoal como aos horarios e salarios.

Non obstante, continuarase co proceso negociador para pechar máis melloras para os centros de

traballo dos consorcios provinciais das catro provincias, é dicir, un total de 24 parques.

O acordo tamén prevé crear unha mesa de negociación para concretar a redacción dun novo convenio colectivo e dunha nova Relación de Postos de Traballo (RPT).

CONTINUÁN AS MOBILIZACIÓNS NA SANIDADE PRIVADA DA PROVINCIA DA CORUÑA

Este luns tivo lugar unha concentración fronte ao Sergas para pedir a súa mediación e o xoves unha nova xornada de folga

Redacción.- Os traballadores e traballadoras da sanidade privada da provincia da Coruña continúan coas mobilizacións por un convenio colectivo digno, que a día de hoxe está bloqueado.

Así, este luns concentráronse fronte á sede do Sergas en Santiago co fin de demandarlle á Consellería de Sanidade a súa mediación ante a patronal para intentar romper o bloqueo. Ademais, UGT, xunto con CCOO e CIG, rexistraron un escrito no que solicitan unha xuntanza co conselleiro para tratar esta problemática.

O xoves, día 7, de novo os traballadores e traballadoras do sector responderon dun xeito moi significativo á convocatoria de folga que estivo acompañada dunha manifestación na cidade da Coruña.

Xornada, táboas salariais e comple-

mentos son puntos nos que ambas partes están moi afastadas na negociación porque a patronal négase a chegar a uns mínimos, unha xornada similar á media do sector en todo o Estado e unhas táboas salariais que partan do SMI legal publicado, respectando as diferenzas existentes entre categorías. Tamén se demanda a retirada da proposta de modificar a contía que se cobra a día de hoxe polos



trienios e tamén sacar da negociación a proposta de eliminar do pago do 100% das retribucións no caso de IT.

UNIÓNS AGRARIAS, SINDICATO LABREGO GALEGO E ASOCIACIÓN AGRARIA DE GALICIA IRÁN DA MAN NA DEFENSA DOS INTERESES DOS AGRICULTORES GANDEIROS GALEGOS

Redacción.- Unións Agrarias, Sindicato Labrego Galego e Asociación Agraria de Galicia veñen de dar forma á táboa reivindicativa conxunta que defenderán nas vindeiras semanas. Tal e como xa anunciaron hai uns días, as tres organizacións agrogandeiras maioritarias en Galicia ven necesario apostar pola unidade de acción para garantir a mellor defensa dos intereses do sector produtor, e nos vindeiros días pecharán o calendario de actuacións a seguir nas próximas semanas.

As organizacións agrarias entenden que existen motivos máis que de sobra para que o sector produtor saia á rúa, así como un contexto, tanto a nivel europeo como estatal, do que a agricultura e a gandería galega non pode manterse á marxe. En liña co acordo acadado entre as organizacións profesionais agrarias maioritarias a nivel estatal, as organizacións galegas ven necesario actuar para paliar a excesiva burocracia que ten xerado a entrada en vigor de novas normativas europeas; así como para garantir que os acordos comerciais con países extracomunitarios non poñan en risco a soberanía alimentaria nin supoñan unha competencia desleal para os produtores locais.

A pesar de que a Lei de cadea é clara ao respecto, a ausencia de contratos claros, o pago por debaixo de custos de produción e a imposición de prezos eludindo a negociación colectiva seguen a ser prácticas habituais. Cuestións que precisan de solucións contundentes mediante un incremento do celo das administracións e un reforzamento dos medios e actuacións de control. Así, as tres organizacións instan ás administracións a actuar con contundencia e rigor para garantir

prezos xustos para os produtos agrogandeiros e, con eles, o futuro e a rendabilidade do sector produtor.

A continuación detállanse os puntos incluídos no decálogo de reivindicacións das organizacións agrarias galegas:

1. Prezos xustos para os nosos produtos. eliminación da especulación e creación de índices de referencia dos custos de produción nos diferentes sectores, incluíndo unha remuneración digna do traballo das produtoras e produtores e mecanismos para facer cumprir a Lei da cadea alimentaria e acabar con prácticas e marxes abusivas.

2. Rexeitamento dos tratados de libre comercio (MERCOSUR), que poñan en perigo as nosas producións, e priorizar as nosas producións fronte a terceiros países que comercializan ca UE.

3. Eliminar a burocratización que nos asfixia:

- Caderno dixital.
- Decreto de ordenación de explotacións bovinas.
- Decreto de fertilización sotible de solos.

4. Adaptación dos ecoesquemas e da PAC á realidade da agricultura e gandería galegas, pagos en función das persoas activas e non pola superficie.

5. Importes suficientes para atender as solicitudes de produción en ecolóxico,



así como a totalidade de expedientes de agroambiente e clima e as axudas de incorporación

6. Recuperación de terra agrícola e a súa especial protección. e apoios ao sector fronte a novos retos como os cambios no clima, novas enfermidades ou o encarecemento dos insumos e combustibles. Maior apoio á investigación pública, que axude e acompañe ao sector na situación actual e de cara aos novos problemas que afectan ao sector, para unha maior sustentabilidade nas explotacións.

7. Fomentar o acceso da poboación aos alimentos, apoiando os mercados locais e os circuitos curtos.

8. Mantemento da redución no prezo do gasóleo para o sector, así como as condicións do gasóleo agrícola profesional.

9. Remuneración dos danos de fauna salvaxe (xabarín, lobo...), e do lucro cesante e da totalidade das perdas ocasionadas, que deben ser minimizadas.

10. Creación da figura do mediador na negociación de contratos e posta en marcha de observatorios de prezos nos produtos agrogandeiros.

A UXP DE VIGO MOBILÍZASE EN DEMANDA DE MÁIS E MELLORES PRAZAS PÚBLICAS NAS RESIDENCIAS DE MAIORES

Redacción.- A Unión de Xubilados e Pensionistas de UGT en Vigo ven de mobilizarse fronte á Delegación da Xunta na cidade olívica en demanda de medidas que melloren as condicións de vida dos máis maiores.

Neste senso, fixeron fincapé na necesidade de que Galicia se dote de máis residencias públicas de calidade que garantan prazas suficientes para aquelas persoas maiores que as precisen.



PERMISOS RETRIBUÍDOS ELECCIÓN AUTONÓMICAS 18 DE FEBREIRO DE 2024

UGT



Galicia

NON TERÁN DEREITO A PERMISO RETRIBUIDO

As persoas traballadoras con horario de traballo que NON coincida co de apertura das mesas electorais, ou que o faga por un periodo inferior a dúas horas

PERMISO PARA ACUDIR A VOTAR

As persoas traballadoras que traballen ese domingo teñen dereito, como electores, a dispoñer ese día dun permiso retribuído para poder votar. A súa duración depende da maior ou menor coincidencia do seu horario de traballo co de apertura dos colexios electorais (que é de 9 da mañá a 8 da tarde):

Coincidencia do horario do traballador co do colexio electoral	Duración do Permiso
Non coincide (ou menos de dúas horas)	Sen permiso
Entre 2 e 4 horas	2 horas
Entre 4 e 6 horas	3 horas
Máis de 6 horas	4 horas

A empresa pode solicitar aos seus traballadores que xustifiquen que empregaron ese tempo para ir votar. Para iso, o traballador ou traballadora deberá achegar o xustificante correspondente (modelo oficial asinado polo presidente da mesa).

* Cando por tratarse de persoas traballadoras contratadas a tempo parcial realizasen unha xornada inferior á habitual na actividade, a duración do permiso antes sinalado reducirase en proporción á relación entre a xornada de traballo que desenvolven e a xornada habitual das persoas traballadoras contratadas a tempo completo na mesma empresa.

Permiso para votar por correo. No suposto de persoas traballadoras por conta allea que teñan previsto que na data da votación non se atopen na localidade onde lles corresponde exercer o seu dereito ao voto, ou que non poidan exercer o dereito de sufraxio o día das eleccións, disporán, no seu horario laboral, de ata catro horas libres de igual maneira que o establecido no artigo anterior, para que poidan formular persoalmente a solicitude do certificado de inscrición no censo, así como para efectuar a remisión do voto por correo.

Permiso por ser designado presidente ou vogal dunha mesa electoral. Se para o traballador a xornada de votación é laborable, a empresa ten que concederlle un permiso retribuído, previo aviso e xustificación. Traballen ou non o domingo, os traballadores que sexan presidentes ou vogais teñen dereito a unha redución de cinco horas na xornada do luns 19 de febreiro de 2024.

Se o traballador elixido vogal ou presidente traballa a noite anterior á da xornada electoral e solicita cambio de quenda, é obrigatorio concederllo. Ademais, se o empregado ten que traballar na quenda de noite inmediatamente posterior á xornada electoral, ten dereito a que se lle reduza esta cinco horas.

Permiso por ser designado interventor ou apoderado. O traballador que fose designado interventor ten os mesmos permisos que o presidente e os vogais. En canto ao apoderado, só ten dereito ao permiso retribuído correspondente ao día das eleccións. Nin o interventor nin o apoderado teñen dereito a percibir dietas, a diferenza do que sucede cos membros das mesas electorais.

Permiso por ser designado suplente. O traballador designado suplente ten obrigación de presentarse no colexio electoral ás 8 da mañá, para o que a súa empresa deberá darlle o correspondente permiso retribuído se ese domingo traballa. Se fallase algún titular e debe substituírle, o traballador terá entón dereito aos permisos correspondentes. Se, pola contra, non é necesaria a súa presenza, poderá acudir ao traballo con normalidade a partir dese momento. Como orientación, hai que ter en conta que a mesa debe estar formada ás 8.30 horas da mañá, polo que o traballador, a esa hora, xa coñecerá se debe substituír á persoa ausente ou pode acudir ao seu traballo.

Valdeorras mobilízase en defensa da sanidade pública na comarca

Redacción.- Valdeorras volveu mobilizarse este mércores en defensa dunha sanidade pública de calidade para a comarca.

Como denunciou Víctor Pariente (UGT) na lectura do manifesto no Hospital de Valdeorras seguen a faltas especialistas; en atención primaria non están incorporados todos os facultativos das OPEs, o que provoca citas cun mes de agarda; non se orzamentaron as obras do centro de saúde da Rúa; lévanse tres anos agardando polo remate das obras no hospital en consultas externas; puxo como exemplo que en RX

había catro profesionais e quedan dous; en hematoloxía só hai unha profesional e está de baixa por maternidade; en oftalmoloxía, de dous pasouse a un.

Pariente insistiu en que urxe a recuperación da autonomía do distrito sanitario; a resolución inmediata dos procesos selectivos en curso; a recuperación do plan director do Hospital de Valdeorras; a construción do centro de sa-



úde da Rúa; a ampliación do centro de O Barco; e a adaptación de todos os centros ás necesidades reais e de futuro.

UGT RECLAMA MELLORES CONDICIÓN DE TRABALLO PARA LOITAR CONTRA O CANCRO DE ORIXE LABORAL

Con motivo do Día Mundial contra o Cancro, UGT esixiu maior prevención nas empresas e políticas específicas contra unha lacra que produce o 52% das mortes no traballo na UE

Redacción.- O cancro é a principal causa de morte relacionada co traballo na Unión Europea. Cada ano prodúcese ao redor de 100.000 mortes pola presenza de substancias cancerixenas e mutáxenas nos lugares de traballo no ámbito da UE. En España, 1 de cada 3 casos de cancro poderían estar relacionado coa exposición a substancias cancerixenas no traballo. O problema é que, lamentablemente, só unha pequena parte cualifícase como continxencia profesional.

É evidente que a súa declaración e recoñecemento é ínfima. En 2022, unicamente recoñecéronse 107 enfermidades profesionais causadas por axentes cancerixenos, das cales 99 foron entre homes e 8 en mulleres, sendo 76 do total, debidas ao amianto. Neste sentido, UGT esixe que as empresas cumpran coa normativa en prevención de riscos laborais, xa que a presenza hoxe dunha substancia deste tipo pode supoñer que no futuro haxa persoas traballadoras que enfermen de cancro. Moitas destas enfermidades e mortes poderían evitarse se as exposicións a cancerixenos nos lugares de traballo fosen controladas e minimizadas.

As exposicións profesionais máis frecuentes no ámbito da UE son a radiación ultravioleta solar, as emisións de motores diésel, o benceno, a sílice cristalina respirable e o formaldehído, seguidos do cromo hexavalente, o chumbo e os seus compostos inorgánicos e o po de

madeira, segundo as primeiras conclusións da Enquisa sobre a exposición das persoas traballadoras: 'Factores de risco de cancro no ámbito laboral en Europa' (Enquisa WES). A sílice cristalina respirable, as emisións de motores diésel e o po de madeira destacan polas maiores proporcións de persoas traballadoras probablemente expostas a estes factores de risco en niveis elevados.

Para UGT, é importante incidir en que as condicións de traballo tamén inflúen na exposición a substancias cancerixenas e os resultados da citada enquisa así o evidencian. Así, as persoas traballadoras de microempresas ou pequenas empresas (con menos de cincuenta traballadores) presentan 1,3 veces máis probabilidades de estar expostas a factores de risco de cancro que aquelas que prestan servizos en centros de traballo medianos ou grandes.

Ademais, as persoas traballadoras que traballan a tempo parcial refíren menos exposicións múltiples que a media. Pola contra, a proporción de persoas traballadoras con exposicións múltiples aumentaba considerablemente no caso dos que traballaban máis de cincuenta horas á semana.

Doutra banda, UGT considera fundamental avanzar para conseguir que as persoas traballadoras enfermas de cancro ou que superaron un cancro (de orixe laboral ou non) retornen ao seu posto de traballo de forma segura,

sen poñer en risco a súa seguridade e saúde, incluíndo os aspectos psicosociais. Para iso, o sindicato propón que se negocien protocolos de retorno ao posto de traballo entre a empresa e coa representación das persoas traballadoras, con medidas para flexibilizar o proceso da reincorporación evitando que sexa traumático.

Ampliar a listaxe de enfermidades profesionais

Por tanto, UGT propón que se cambie o concepto legal de enfermidade profesional. É necesario modificar o concepto de enfermidade profesional para abrillo e que unha enfermidade considérese como profesional cando a causa prevalecente da mesma sexa o traballo, non sendo necesario que o traballo sexa a causa exclusiva como é actualmente.

Ademais, o sindicato reclama unha actualización da Listaxe de Enfermidades Profesionais Española e unha mellora no sistema de notificación e rexistro que permitan facer aflorar todas as enfermidades profesionais ocultas. Deberase prestar especial atención á revisión dos cancros de orixe profesional.

Por último, UGT demanda máis recursos, tanto humanos como materiais para a Inspección de Traballo para que poida fomentar o seu labor de vixilancia e control do cumprimento normativo en materia de prevención de riscos laborais.